

TEMA 5: ACTIVIDADES


1.- TAREFA

Para que sirven as tarefas?

A tarefa é unha das ferramentas que serven para recoller o traballo dos alumnos dun curso. O profesor plantexa o enunciado e os alumnos traballarán sobre o mesmo para, finalmente, enviar unha solución ao plantexamento feito no enunciado da tarefa.

O módulo tarefa permite aos alumnos subir documentos en practicamente calquera formato electrónico e estes documentos quedan almacenados para a súa posterior avaliación por parte do profesor á que tamén poderá engadir un "feedback" ou comentario que chega de forma independente a cada alumno mediante o correo electrónico.

A solución a unha tarefa non ten que consistir necesariamente en subir uns ficheiros á plataforma (aínda que éste é o uso máis habitual), senón que existen tarefas nas que o alumno pode escribir directamente a solución no propio Moodle ou que servirán para coñecer o enunciado, datas de entrega e calificación dos traballos entregados físicamente na aula.



Como se crea unha tarefa?

1. Dende a páxina principal do curso, "activar edición".
2. No tema que se desexe pulsar sobre "Engadir unha actividade ou un recurso"
3. Seleccionar a actividade tipo "Tarefa"
4. Finalmente, pulsar o botón "Engadir"

Os distintos aspectos que se poden configurar, clasifícanse por apartados:

Xeral

Nome da tarefa = Introduce un nome como título para esta tarefa.

Descrición = Introduce un pequeno texto a modo de descrición da tarefa.

Disponibilidade

Permitir entregas de = Se está activado, os alumnos non poderán facer entregas antes desta data. Se está desactivado, os alumnos poderán comezar as entregas de inmediato.

Data límite = Isto é cando vence a tarefa. As entregas aínda se permitirán despois desta data pero calquera tarefa entregada tras esta data marcarase como atrasada. Para evitar entregas despois dunha certa data, establece a data de corte da tarefa.

Data de corte= De estar definida, a tarefa non aceptará entregas despois desta data sen unha prórroga.

Amosar sempre a descrición = Se NON está activado, a descrición da tarefa anterior só será visible para os alumnos na data "Permitir entregas de".

Tipos de entrega

Entregas de ficheiros = Se está activado, os alumnos deberán enviar un ou máis ficheiros como entrega.

Texto en liña = Se está activado, os alumnos deben escribir un texto (texto enriquecido) directamente nun campo do editor para a súa entrega

Tipos de comentarios

Establécese o modo en que se farán chegar os comentarios á tarefa.

Configuración de entregas

Defínense os pasos que terá que seguir o usuario para facer a entrega, o número de intentos e se estes se reabrirán de forma automática ou manual.

Requerir que os alumnos preman no botón de entrega: Se está activado, os alumnos terán que premer nun botón Enviar para declarar a súa entrega como final. Isto permite que os alumnos manteñan unha versión preliminar da entrega no seu sistema. Se se cambia este axuste Non a Si despois de que os alumnos xa teñan feito entregas, estas consideraranse como definitivas.

Requerir que os alumnos acepten a declaración de entrega: Require que os alumnos acepten a situación de entrega para todas as entregas desta tarefa.

Intentos reabertos: determina como os intentos de entrega se reabren. As opcións dispoñíbeis son:

Nunca - A entrega do alumno non se pode reabrir.

Manualmente - A entrega do alumno pódela reabrir un profesor.

Automaticamente ata aprobar - A entrega do alumno reábrese automaticamente ata que o alumno acada o nivel para aprobar respecto do valor establecido no libro de cualificacións (categorías e ítems de sección) para esta tarefa.

Intentos máximos: O número máximo de intentos de entrega que pode facer un alumno. Despois deste número de intentos, os envíos do alumno non poderán reabrirse.

Configuración de entregas en grupo

Opcións que permiten a entrega grupal da tarefa.

Alumnos que entregan en grupo: se está activado, os alumnos divídiranse en grupos en función da configuración predeterminada dos grupos ou dunha agrupación personalizada. A entrega do grupo será compartida entre os membros do grupo e todos os membros do grupo verán os cambios de todos eles na entrega.

Requirir a un grupo para facer a entrega: se está activado, os usuarios que non sexan membros dun grupo non poderán facer entregas.

Require a entrega de todos os membros do grupo: de estar activado, todos os membros do grupo de alumnos deben premer o botón desta tarefa antes de que a entrega do grupo se considere entregada. De estar desactivado, considerarase que a entrega do grupo foi entregada tan pronto como calquera membro do grupo de alumnos prema no botón de envío.

Agrupación por grupos de alumnos: esta é a agrupación (agrupamentos) que a tarefa usará para atopar grupos para os grupos de alumnos. De non estar establecido - utilizarase a definición predeterminada de grupo.

Notificacións

Opcións para a notificación aos profesores das entregas ou ao alumnado das cualificacións.

Notificar aos cualificadores sobre entregas: se está activado, os cualificadores (normalmente profesores) reciben unha mensaxe cando un alumno fai unha entrega antes da data requirida, dentro das datas establecidas, ou fora de prazo para unha tarefa. Os métodos de mensaxería poden configurarse.

Notificar aos cualificadores as entregas fora de prazo: se está activado, os cualificadores (normalmente profesores) reciben unha mensaxe cando un alumno fai unha entrega fora de prazo para unha tarefa. Os métodos de mensaxería poden configurarse.

Cualificación

Apartado de configuración dos métodos a empregar para cualificar a tarefa, as escalas a empregar, categorías e outras opcións.

Configuración común do módulo

Amosar ou ocultar a tarefa, establecer o modo de grupo, agrupamentos ou restricións de acceso a grupos.

Restrinxir acceso

Aplicar restricións baseadas en diferentes parámetros (data, completado previo doutra actividade etc.)

Completado da actividade

Establécense as condicións para que a actividade apareza como "completada" no seguimento de completado do curso.

Etiquetas

Asignación de etiquetas no caso de estalas a manexar no curso.

Competencias

Asignación de competencias no caso de estar a traballar coas mesmas no curso.